

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA FUNDACIÓ PRIVADA BANC
SABADELL Y LA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA CON
MOTIVO DEL VIIIº ENCONTRO DE ARTÍSTAS NOVOS**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizou o 12 de marzo de 2018 coa Fundació Privada Banc Sabadell o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia ata a clausura do VIIIº Encontro de Artistas Novos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular os termos e condicións da colaboración no VIIIº Encontro de Artistas Novos que organiza a Fundación Cidade da Cultura entre o 26 e o 30 de agosto de 2018.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia foi constituída como Fundación de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro)



declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de FUNDACIÓNS desta entidade co número 73. A Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

O obxecto da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, segundo os seus estatutos, céntrase na creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural. Conforme ao previsto no artigo 7.d) dos estatutos constitúe unha das súas actividades fundacionais; *“D) Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou á cultura de base.”*

En cumprimento do seu obxecto, a Fundación Cidade de Cultura dentro do seu programa de actividades inclúe a organización do VIIIº Encontro de Artistas Novos que se realizará entre o 26 e o 30 de agosto de 2018 e que ten a consideración de actividade de interese xeral. O EAN é un espazo de encontro no que creadores emerxentes teñen a oportunidade de dar a coñecer os seus traballos e debater ao redor da arte contemporáneo durante cinco días de convivencia e intercambio de coñecementos e ideas con outros axentes culturais como críticos, comisarios ou art followers. Os seleccionados mediante convocatoria aberta, de acordo coas bases publicadas, terán a posibilidade de realizar unha presentación pública centrada no seu traballo e proxecto creativo persoal. Os participantes terán, ademais, a posibilidade de presentar un proxecto de intervención artística nas Torres Hejduk. Os proxectos serán valorados por unha comisión formada por especialistas no mundo da arte, e o seleccionado será exposto ao ano seguinte, coincidindo con clausúraa do seguinte EAN.



Pola súa banda, a Fundació Privada Banc Sabadell constituíuse como fundación privada no ano 1994 co propósito de estimular a excelencia e difundir o saber e a cultura. O obxectivo da Fundació Privada Banc Sabadell é promover actividades de divulgación, formación e investigación nos ámbitos educativo, científico e cultural, así como fomentar e apoiar o talento novo.

A Fundació Privada Banc Sabadell, no seu ánimo de fomentar e difundir actividades de carácter cultural e de apoio ao talento, está interesada en colaborar coa Fundación Cidade da Cultura no VIIIº Encontro de Artistas Novos que organiza a Fundación Cidade da Cultura entre o 26 e o 30 de agosto de 2018.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

(asinado dixitalmente)

